




www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/gao-trabalho-social



Grao en Traballo Social



www.usc.gal



Traballo Social

O Título de Grao en Traballo Social ten por obxecto formar a profesionais da intervención social, capacitando aos futuros/as traballadores/as sociais para traballar con persoas, familias e grupos e para proxectar, aplicar, coordinar e avaliar servizos e políticas sociais.

Impartido pola EUTS (centro adscrito á USC e dependente da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales).

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Escola Universitaria de Traballo Social (centro adscrito)
San Martiño Pinario. Praza da Inmaculada, 5, 2º, 15704

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-traballo-social

www.euts.es

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 80

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 150 de materias obrigatorias e 30 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O título de grao en Traballo Social inclúe 22 créditos de prácticas externas de carácter obrigatorio, a cursar dentro do Practicum de 4º curso.

O centro posúe unha larga tradición de prácticas en entidades tanto públicas como privadas e no ámbito de terceiro sector de acción social. No ano 2019, o centro ten asinados 130 convenios de colaboración para a realización do Practicum.

Saídas Profesionais

As persoas Graduadas en Traballo Social desenvolven a súa labor profesional en diversos eidos relacionados cos Servizos Sociais e outros sistemas de Benestar Social, actuando desde as diferentes administracións, entidades de iniciativa social e empresas privadas. A situación actual caracterízase pola gran variedade de campos de actuación onde interveñen os/as traballadores/as sociais e que abrangue desde os servizos sociais comunitarios e de saúde ata centros especializados de atención social a maiores, menores en desprotección, persoas con diversidade funcional, adiccións, mulleres que sofren violencia de xénero, migrantes, pasando pola intervención en xulgados, colexios, proxectos de investigación, planificación de políticas sociais, etc.

